

**BLOQUE CONTEMPORÁNEO:**

**TEMA 14. A CRÍTICA AO TOTALITARISMO. A CONDICIÓN HUMANA EN HANNAH  
ARENDT**

**Laura Darriba Alves**

Departamento de Filosofía. IES de Rodeira

# Índice

1. CONTEXTO Y VIDA.....	1
2. A CONDICIÓN HUMANA.....	1
3. AS CONDICIÓN DO ESPACIO POLÍTICO: PLURALIDADE E LIBERDADE.....	1
4. TOTALITARISMO.....	2
4.1. NAZISMO E ESTALINISMO.....	2
4.2. MÁXIMAS: “TODO É NECESARIO”, “TODO É POSIBLE”.....	2
4.3. ORGANIZACIÓN TOTALITARIA E IDENTIFICACIÓN DOS INIMIGOS.....	2
4.4. CAMPOS DE CONCENTRACIÓN E DE EXTERMINIO.....	3
5. O MAL.....	3
5.1. O MAL RADICAL.....	3
5.1. O MAL BANAL.....	3
6. A RESPONSABILIDADE DO PENSAR: O XUÍZO E A RELACIÓN DA FILOSOFÍA E A POLÍTICA.....	3
7. CONCLUSIÓN.....	4

## **1. CONTEXTO Y VIDA**

Hannah Arendt (Linden-Limmer, 1906 - Nova York, 1975) foi unha escritora e teórica política alemá, máis tarde naturalizada estadounidense, de relixión xudía. É unha das filósofas máis influentes do século XX polas súas contribucións ao campo da filosofía política.

A privación de dereitos e persecución dos xudeus en Alemaña a partir de 1933, así como o seu breve encarceramento ese mesmo ano, contribuíron á súa decisión de emigrar. O réxime nacionalsocialista retiroulle a nacionalidade en 1937, converténdoa en apátrida, ata que obtivo a nacionalidade estadounidense en 1951. En 1961, como corresponsal da revista estadounidense *The New Yorker*, seguiu o xuízo contra Adolf Eichmann, tenente coronel das SS nazis e principal responsable das deportacións masivas que acabaron coa vida de máis de 6 millóns de xudeus e causaron 15 millóns de vítimas se sumamos os que sobreviviron pero sufriron o inferno dos campos de exterminio.

Foi profesora nas Universidades de Berkeley, Princeton, Columbia e Chicago, e directora de investigación da *Conference on Jewish Relations* entre 1944 e 1946. Traballou, entre outras cousas, como xornalista e profesora de secundaria. Publicou importantes obras sobre filosofía política, como *As orixes do totalitarismo*.

Esta obra foi considerada unha brillante crítica aos réximes políticos totalitarios e na que Arendt defendía a democracia representativa a través do concepto de “pluralismo” político, que posibilitaría a liberdade e a igualdade política entre as persoas.

## **2. A CONDICIÓN HUMANA**

Na súa obra *A condición humana*, Arendt reflexiona sobre a dimensión activa dos seres humanos, fronte á postura do filósofo Martin Heidegger. Arendt cree que na nosa vida hai **tres actividades fundamentais: labor, traballo e acción**, que se corresponden a tres **condicións da vida humana**, a saber, a **vida**, a **mundanidade** e a **pluralidade**).

- a) **Labor**: Todo aquilo que permite manternos vivos. A labor correspóndese coa condición humana da **vida**.
- b) **Traballo**: Son as actividades polas que o ser humano se distingue da natureza. O traballo crea, constrúe, o noso **mundo**, por iso se corresponde coa condición humana da mundanidade.
- c) **Acción**: Son as actividades máis elevadas da condición humana, as máis racionais e libres, mediante as que decidimos qué queremos ser ou facer. A acción se corresponde coa condición humana da **pluralidad**. La política, la vida en común (plural), é o máis propiamente humano.

## **3. AS CONDICIÓN DO ESPACIO POLÍTICO: PLURALIDADE E LIBERDADE**

O libro de Arendt é unha reivindicación da acción humana, entendida fundamentalmente como **acción política**, na que o ser humano amosa a súa **singularidade**, acepta as súas diferenzas e o **pluralismo** de visións. O sentido auténtico da política será a **liberdade**. A acción política contrarresta, por unha banda, a sociedade de masas uniformizadora e, por outra, o individualismo despreocupado polo destino dos demais.

## 4. TOTALITARISMO

### 4.1. NAZISMO E ESTALINISMO

A obra *As orixes do totalitarismo* (1951) é unha obra de teoría política. O seu obxectivo é comprender as atrocidades dos totalitarismos do século XX. A categoría política "totalitarismo" abrangue dúas ideoloxías diferentes e opostas que se enfrontaron durante a segunda guerra mundial: **nazismo alemá e estalinismo soviético**. Segundo Arendt, son dous casos dunha forma inédita de **dominación absoluta**. Esta tese de Arendt creou polémica no seu tempo porque alteraba a ordenación tradicional entre dereita e esquerda, capitalismo e socialismo. O Terceiro Reich alemá só foi un sistema totalitario entre 1933 e 1945, e a Unión Soviética entre 1936 e 1941. Neses períodos as ditaduras dan un salto cualitativo e convértense en **réximes totalitarios**. En que sentido? **Un estado totalitario é o que responde a unha dinámica ideolóxica e obedece a unha visión do mundo**. Arendt insiste en que hai que prescindir das categorías políticas clásicas: ditadura de partido único, nacionalismo extremo, razón de Estado, revolución, entre outras.

O totalitarismo é unha visión simple e determinista da realidade que afirma que **todo é necesario e sucede de acordo cun sentido predefinido** que ningunha persoa, colectivo ou nación pode evitar.

- Para o nazismo a loita das razas superiores pola supervivencia e a supremacía racial é o motor da historia.
- Para o estalinismo o motor da historia é necesidade histórica que impulsa ó proletariado a expulsar da realidade ás clases sociais que frean o progreso das forzas produtivas.

### 4.2. MÁXIMAS: “TODO É NECESARIO”, “TODO É POSIBLE”

O máis orixinal do nazismo e o estalinismo non son as súas ideoloxías. Mais ben é que combinan dúas máximas: “**Todo é necesario**” e “**todo é posible**”. Isto quere dicir que mesturan a violencia da historia (“todo o que ocorre é necesario, inevitable”) coa política de decisións que carecen de límites morais e legais (“todo é posible, pode facerse calquera cousa”).

No caso do partido nazi, a súa novidade con respecto a outros movementos antisemitas, é que esixe aos seus militantes **romper calquera relación** con persoas de orixe xudía e **participar en actos de violencia** contra elas. No caso do partido comunista a data clave é o 1936, cando se principian as **purgas masivas** do Partido Comunista da Unión Soviética. Calquera grupo articulado con intereses contrarios aos do réxime era tratado como un parásito que debía ser eliminado en nome da necesidade histórica.

Aos movementos totalitarios todo lles está permitido. Tratan de moldear ideoloxicamente a realidade en base ao que consideran que é unha necesidade histórica. O pobo deber ser ario, no caso da Alemaña nazi; o pobo deber ser clase revolucionaria, no caso da URSS estalinista. Aspiran a unha dominación universal, para o cal **tratan de homoxeneizar a realidade**.

### 4.3. ORGANIZACIÓN TOTALITARIA E IDENTIFICACIÓN DOS INIMIGOS

No relativo á **organización**, o típico do totalitarismo é ter unha **rede de organismos e entidades superpostas** como as capas que se ocultan unhas a outras (non unha organización xerárquica de tipo piramidal).

No relativo á **identificación dos inimigos**, o racismo bioloxicista nazi identificaba directamente os “inimigos obxectivos” segundo **categorías estandarizadas** (razas inferiores) e **colectivos “prescindibles”** (discapacitados, etc). O clasismo estalinista identificaba fisicamente os suxeitos que detiñan o avance das forzas produtivas (proletariado).

#### 4.4. CAMPOS DE CONCENTRACIÓN E DE EXTERMINIO

O obxectivo do totalitarismo é **destruír a liberdade**, a **coexistencia plural** e a **participación política**. Mais, sobre todo, pretende **refacer a condición humana e o mundo da vida humana**. A institución máis coherente do goberno totalitario son os campos de concentración (no caso do estalinismo, os *gulag*). Os campos de concentración establecéronse con carácter permanente, non provisional. Neles, os seres humanos son reducidos a unha impotencia absoluta que os desposúe da súa individualidade.

### 5. O MAL

#### 5.1. O MAL RADICAL

Ao final da obra *As orixes do totalitarismo*, Arendt retoma un concepto de Kant: **mal radical**. Para Kant o mal radical alude á perversidade do corazón humano que busca o seu propio interese egoísta. Para Arendt o mal radical está nos acontecementos, non na intención dos que os producen. Arendt fala do **mal radical ou mal extremo**, que se da cando, tras haber deliberado e pensado que as nosas accións danarán aos demais, o suxeito non ten reparo á hora de levalas a cabo. O mal radical aparece en personalidades como os **líderes fascistas**.

Na década de 1960 este concepto recobra importancia cando Arendt asiste en Xerusalén ao xuízo contra Adolf Eichmann, un dos principais responsables do Holocausto. En 1963 Arendt publica o libro *Eichmann en Xerusalén. Un relato sobre a banalidade do mal*. Durante o nazismo Eichmann era un dos máis altos cargos das Schutzstaffel ou Escuadras de Defensa (SS).

#### 5.2. O MAL BANAL

Segundo Arendt, Eichmann non posuía características antisemitas e non presentaba os trazos dunha persoa cun carácter retorcido. Actuou como actuou simplemente por desexo de avanzar na súa carreira profesional e as súas accións foron resultado de seguir ordes dos superiores. Era un simple burócrata que seguía ordes sen reflexionar sobre as súas consecuencias. Para Eichmann, todo se facía con celo e eficacia, e non había sensación de "bo" ou "malo" nas súas accións.

O feito de que o maior mal da historia (o Holocausto) poida ser cometido pola "xente común" é o que Arendt chama a "**banalidade do mal**". O **mal banal** aparece cando **non hai unha reflexión profunda sobre as consecuencias dos nosos actos, cando se seguen as normas sen pensar**, aceptando as ordes dun superior ou da mentalidade imperante. Eichmann repetía consignas para non ter que pensar, mentres os líderes fascistas exemplificaron o mal radical e deliberado.

A idea central da obra é que as traxedias, como o Holocausto, son causadas pola falta de pensamento e reflexión. Arendt definirá esta incapacidade para pensar como:

1. **Incapacidade para pensar por si mesmo**, no sentido da máxima kantiana de *sapere aude*;
2. **Imposibilidade de poñerse no lugar doutro** e considerar así os resultados e as consecuencias dos propios actos.

### 6. A RESPONSABILIDADE DO PENSAR: O XUÍZO E A RELACIÓN DA FILOSOFÍA E A POLÍTICA

Un dos principais problemas para Arendt é a transformación dos seres humanos en burgueses preocupados só pola súa existencia privada e ignorantes de toda virtude cívica. Os participantes nun réxime totalitario actúan baseándose no seu benestar privado e no das súas familias, e perden de vista a esfera pública. Hai unha dicotomía total entre funcións privadas e funcións públicas.

De aí que a autora faga fincapé na responsabilidade, concepto político que implica facerse cargo do mundo no que vivimos e comprender o que nel acontece. Esa responsabilidade xorde da reflexión, do pensamento, e a tarefa da filosofía é pensar criticamente e animar a todos os seres humanos a pensar por si mesmos.

Unha das preocupacións centrais de Arendt é a relación entre a filosofía e a política, entre pensar e actuar. A acción ten lugar sempre no ámbito público, e se non vai acompañada da reflexión, podemos caer na banalidade do mal, deixándonos levar pola multitude, polas consignas, no canto do pensamento crítico.

## **7. CONCLUSIÓN**

Hannah Arendt foi unha autora moi influente no século XX. A autora postula unha nova forma de entender a política, a diferenza de dous estudosos clásicos como Weber, Hobbes ou Maquiavelo. A súa crítica á banalidade do mal e a súa defensa da acción política repercutiron nos movementos sociais e políticos que buscan un cambio positivo na sociedade. Influíu en pensadores como Habermas, Michel Foucault, Judith Butler, entre outros. Estes filósofos incorporaron e desenvolveron moitas das ideas de Arendt nas súas propias obras, contribuíndo así á difusión e evolución do seu legado intelectual.